



Síntese da programación didáctica

4º EDUCACIÓN INFANTIL

1º Trimestre

- Conceptos básicos: grande/ pequeno, dentro/ fóra, moitos/ poucos, arriba/abaixo
- Números: 1
- Formas: Círculo
- Trazos: horizontal
- Emocións: Alegría/ tristeza
- Cores: Azul, vermello, amarelo
- Festas: Magosto, Nena María, Nadal

2º Trimestre

- Conceptos básicos: un/moitos, duro/brando, alto/baixo, aberto/pechado, enriba/debaixo
- Números: 1, 2
- Formas: Círculo, cadrado
- Trazo: vertical
- Emocións: contento/enfadado
- Cores: azul, vermello, amarelo, verde
- Festas: Día da Paz, O Entroido, Día da muller

3º Trimestre

- Conceptos básicos: longo/curto, a un lado/ ao outro lado
- Números: 1, 2, 3
- Formas: Círculo, cadrado, triángulo
- Trazos: inclinado
- Emocións: medo/susto
- Cores: vermello, azul, amarelo, verde, rosa
- Festas: Día do Libro, Santa Xoana, Letras Galegas

5º EDUCACIÓN INFANTIL

1º Trimestre

- Conceptos básicos: alto/baixo, máis/menos, a un lado/ ao outro lado, longo/curto
- Números: 1, 2, 3, 4
- Formas: círculo, cadrado, triángulo
- Trazos: curvas
- Interioridade: A Calma
- Cores: marrón
- Festas: Nena María, Nadal

2º Trimestre

- Conceptos básicos: liso/rugoso, cheo/baleiro
- Números: 1, 2, 3, 4, 5
- Formas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo
- Trazos: bucles
- Cores: morado
- Interioridade: A Empatía
- Festas: Día da Paz, O Entroido, Día da muller

3º Trimestre

- Conceptos básicos: primeiro/último, enteiro/metade, igual que, goso/delgado
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6
- Ordináis: 1º, 2º, 3º, 4º
- Formas: Óvalo
- Trazos: Espiráis
- Interioridade: Resolución de conflitos
- Festas: Día do Libro, Santa Xoana, Letras Galegas

6º EDUCACIÓN INFANTIL

1º Trimestre

- Conceptos básicos: alto/baixo, goso/delgado
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7
- Ordináis: 1º, 2º, 3º, 4º
- Operacións: descomposición del número
- Formas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo
- Letras: a, e, i, o, u, p, m, l, s, t
- Interioridade: O Respecto
- Festas: Nena María, Nadal

2º Trimestre

- Conceptos básicos: primeiro/en medio/último, igual/diferente, a un lado/ ao outro lado, entre
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8
- Ordináis: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º
- Formas: rombo
- Letras: d, n, f, r, h, c, q, g
- Interioridade: O Perdón
- Festas: Día da Paz, O Entroido, Día da muller

3º trimestre

- Conceptos básicos: preto/lonxe, esquerda/dereita, parte/todo
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10
- Ordináis: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º, 9º
- Operacións: suma e iniciación á resta
- Formas: cubo, esfera
- Letras: -r-, b, v, z, c, j, g, ll, ñ, y, ch
- Interioridade: O Agradecemento
- Festas: Día do Libro, Santa Xoana, Letras Galegas

MÍNIMOS ESIXIBLES

I. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Expresa emocións e sentimentos, e ponlles nome: tristeza, alegría, medo, sorpresa, enfado.
- Ten unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Identifica e sinala segmentos e elementos no seu corpo e no dos demais.
- Coñece os órganos dos sentidos e as súas funcións.
- Manifesta actitudes e hábitos relacionados coa seguridade persoal, coa hixiene e co fortalecemento da saúde.
- Aplica a coordinación óculo-manual en actividades diversas.
- Manifesta unha lateralidade dominante: destra, zurda.
- Actúa con seguridade e con confianza nas súas posibilidades.
- Amosa actitudes de axuda, de respecto e de colaboración.

II. COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Realiza seriacións, clasificacións e ordenacións.
- Recoñece propiedades de obxectos: grande-pequeno, longo-curto, goso-delgado, pesado-lixeiro, alto-baixo, ancho-estreito, brando-duro, cheo-baleiro.
- Cores: vermella, azul, amarela, verde, rosa, laranxa, marrón, branca, negra, gris e morada, e as súas tonalidades claras e escuras.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo, óvalo.
- Corpos xeométricos: esfera, cubo, cono.
- Tamaños: grande, mediano, pequeno.
- Texturas: liso, rugoso, suave, áspero.
- Situacións: mollado-seco, aberto-pechado, estirado-encollido, de fronte-de costas.
- Utiliza as nocións espaciais: dentro, fóra, enriba, debaixo, arriba, abaixo, preto, lonxe, esquina, recuncho, centro, entre, primeiro, último, o outro, diante, detrás, subir, baixar, arredor, xunto, separado.
- Utiliza as nocións temporais: onte, hoxe, mañá, tarde, noite, antes, despois, rápido, lento, sempre, nunca.
- Discrimina cuantificadores básicos: moitos, poucos, máis que/ca, menos que/ca, tantos como/coma, igual, metade, par.
- Utiliza os dez primeiros números e os ordinais do primeiro ao sexto, e realiza os seus grafos.
- Resolve situacións problemáticas que implican sinxelas operacións de suma e de resta.
- Coñece e respecta as normas elementais de convivencia.
- Relaciónase, participa e toma iniciativas en actividades de grupo.
- Amosa interese por coñecer, por observar e por explorar as características do medio
- Sente curiosidade e interese polos obxectos e medios tecnolóxicos da Información e da Comunicación, e utilízaos de maneira axeitada.

- Respecta as regras dos xogos.
- Valora a importancia dos animais e das plantas na súa relación coas persoas.
- Coñece a utilidade dalgúns servizos relacionados co consumo: tendas.
- Coñece algunhas profesións, e valóraas e respéctaa.
- Coñece os elementos de vida: auga, sol, terra e aire, e a súa utilidade.
- Coñece os días da semana, as estacións do ano e nomea algunha das súas características.

III. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comprende mensaxes orais e responde a elas.
- Le e interpreta imaxes e pictogramas.
- Pronuncia correctamente e estrutura ben as frases.
- Ordena imaxes seguindo a secuencia temporal.
- Percibe semellanzas e diferenzas en imaxes e en palabras.
- Coñece, manexa e nomea medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Utiliza materiais e instrumentos para a expresión plástica.
- Observa e amosa interese por obras de arte.
- Adáptase ao ritmo dunha música.
- Canta cancións.
- Discrimina sons e identifica a fonte que os produce.
- Discrimina algúns contrastes básicos: longo-curto, forte-suave, agudo-grave.
- Mantén unha actitude de escoita nas audicións.
- Participa nas dramatizacións, na danza e no xogo simbólico.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

A forma de realizar a avaliación é a **observación** sistemática e directa das condutas do neno e da nena e o proceso educativo, nas múltiples situacións que teñen lugar ao longo da xornada escolar. Ésta observación farase en diferentes ámbitos: cómo explora e manipula os obxectos, cómo se desenvolve no espacio, cómo se relaciona cos demais nenos e nenas e as súas habilidades sociais.